




Ola. Chámome Lucas Augusto, Lucas para os amigos
E vouvos contar a historia do Instituto da miña
cidade: Lucus Augusti

En 1842
descúbrese
o mosaico
romano de
Batitales...



... ao tempo que a Deputación Provincial
aproba a creación do primeiro Instituto da
Gallaecia decimonónica




MINISTERIO DE LA GOBERNACION DE LA PENINSULA.

Excmo. Sr.: S. A. el Regente del Reino, conformándose con el dictamen de esa direccion acerca de la creacion y organizacion del instituto da segunda enseñanza de la provincia de Lugo, se ha servido disponer lo siguiente.

1.º Se creará para el curso próximo-venidero un instituto de segunda enseñanza en la ciudad de Lugo,






Dirixido por José Jorge de la Peña, comeza a súa andaina no Seminario de S. Lorenzo (hoxe Colexio dos PP. Franciscanos)

Entre 1848 e 1862 trasládase a Monforte de Lemos



Regresa á capital e, durante unha década, comparte locais co Concello de Lugo



A partir de 1873, e ata 1950, o centro trasládase á rúa San Marcos




O profesor Valentín Portabales
dedicará máis de
medio século
ao Instituto
(40 anos
como
director)



O profesor
Bernis
organizou
a magnífica
colección
de animais
do centro



A Ditadura convertéao
en "Masculino"... Coa
democracia recuperará
o seu carácter mixto.



Ilustres profesores do s. XIX
(Luis García González, Gumersindo
Laverde Ruiz, José Rodríguez
Mourelo) darán paso no s. XX a
outros non menos insignes:
Alfredo R. Labajo, Delio
Mendaña, Glicerio Albarrán,
Xosé Filgueira Valverde,
Primitivo R. Sanjurjo,
Evaristo Correa Calderón,
Julia Minguillón, Froilán López,
Eduardo G. Rodeja, Luciano
Penedo, Lázaro Montero
de la Puente, Antonio Fraguas,
A. Insua Bermúdez, Amable
Veiga, María Victoria Moreno
Márquez, Arcadio López
Casanova, Xesús Alonso
Montero...

E xa en 1950 pasará
a ocupar o actual
edificio



Polas súas aulas pasaron milleiros de alumnos/as, moitos deles futuras personalidades en distintos campos, en distintos momentos: Darío Xohán Cabana, Leopoldo Calvo Sotelo, Miro Casabella, Manuel Castro Gil, Álvaro Cunqueiro, Armando Durán, Celestino Fernández de la Vega, Elisa e Jimena Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Agustín Fernández Paz, Ánxel Fole, Manuel Fraga Iribarne, Tino Grandío, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel María, Paco Martín, Mero (Baldomero Iglesias), Mini (Xosé L. Rivas Cruz), Antonio e Miguel Anxo Murado, Uxío Novoneira, Fernando Ónega, Xabier P. Docampo, Paco Pestana, Luís Pimentel, Ramón Piñeiro, Luz Pozo Garza, Xesús Rábade Paredes, Claudio Rodríguez Fer, Rodrigo Romaní, Lorenzo Varela, Fiz Vergara Vilariño, Antón e Ramón Vilar Ponte...



Este ano, Lucus Augusti celebra o CLXXV aniversario da fundación do seu importante e querido Instituto

